

EDUCACIÓN MUSICAL

OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN MUSICAL EN EDUCACIÓN INFANTIL

Ó finalizar a etapa de Educación Infantil preténdese que os nenos/as sexan capaces de:

1. Recoñecer o propio corpo como primeiro instrumento musical.
2. Descubrir o universo sonoro circundante: sons da casa, da natureza...
3. Recoñecer intuitivamente, utilizando o xogo como principal procedemento, as calidades básicas do son: intensidade, timbre, duración e altura.
4. Acompañar cancións utilizando a voz, o movemento, diferentes instrumentos(convencionais e non convencionais).
5. Achegarse ás manifestacións musicais tradicionais a través da aprendizaxe de cancións e de xogos con fondo musical.
6. Gozar coa participación en todo tipo de propostas musicais(cantigas, xogos, danzas, movemento, dramatización...).

Ós **catro anos**, a educación musical deberá contribuír a que os nenos/as alcancen os seguintes **obxectivos**:

- Tomar conciencia do corpo como primeiro instrumento.
- Discriminar sinxelas oposicións sonoras: son/silencio, forte/débil, lento/rápido, longo/curto...a partir de situacións de audición e de movemento.
- Realizar xogos de expresión que teñan a mímica como principal recurso.

- Descubrir o universo dos sons cotiáns do contorno máis inmediato.
- Realizar desprazamentos e danzas diversas seguindo estímulos musicais.
- Utilizar materiais de refugallo e de uso cotián con fins musicais.
- Participar nas actividades musicais que se propoñan, individuais e colectivas.

Ós **cinco anos**, a educación musical deberá contribuír a que os nenos/as acaden os seguintes **obxectivos**:

- Identificar o corpo como primeiro recurso sonoro de xogo.
- Recoñecer oposicións sonoras: son/silencio, forte/débil, lento/rápido...
- Achegarse ó pulso común a través da práctica instrumental(acompañamento de cancións coñecidas e actividades de movemento).
- Utilizar algúns instrumentos musicais de pequena percusión, así como outros non convencionais, para acompañar cancións coñecidas.
- Discriminar e reproducir sons do contorno próximo(casa, rúa, colexio...).
- Gozar coa participación en actos musicais de grupo e individuais.